

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALI ZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela 09-04-2019

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Xoaquín E. Monteagudo Romero, con DNI 33216418-W, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, con CIF G-15075013, que actúa en nome e representación desta entidade segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

1. Que as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades asociativas para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.
2. Que no ámbito da Administración autonómica de Galicia o órgano que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega é a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e, para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballan a prol do galego dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que representa a un importante colectivo de persoas que serven ás administracións públicas e na que conflúen funcionarios de diferentes áreas. Desde os seus inicios, esta entidade desenvolve un importante

labor a prol da defensa do idioma galego e de cara á completa normalización da lingua galega nos ámbitos nos que desenvolve as súas actividades.

4. Que para conseguir a galeguización da Administración se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega nas súas relacións laborais e, en especial, coa cidadanía.
5. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que promove a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística de Galicia coa finalidade de impulsar e desenvolver, conxuntamente coas administracións públicas galegas e en especial coa Xunta de Galicia, actuacións e traballos destinadas ao funcionariado para mellorar a súa aptitude de cara á lingua no ámbito da Administración, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para tal fin.
6. Que a Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia son conscientes da relevancia do proceso de normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as institucións galegas, e por iso manifestan a súa vontade de continuar colaborando no ano 2019 na promoción e fomento da lingua galega.

Polo exposto, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Asociación de Funcionarios para dinamizar o proceso normalizador entre

o persoal das distintas administracións públicas que prestan servizos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a impulsar o uso e a defensa da lingua galega, de xeito que todo o funcionariado destinado en Galicia domine a lingua galega nas súas versións oral e escrita e poda atender e informar en galego.

Segunda.- Obrigas da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura deste convenio as partes colaborarán na realización en lingua galega das seguintes accións:

- Mantemento das páxinas webs da Asociación de Funcionarios, da Irmandade Xurídica Galega (IXUGA), da Irmandade da Sanidade Galega (ISAGA), mantemento da canle.TV galeguizargalicia.tv, facebook e youtube.
- Acción *En galego, agora e sempre*

Dende hai anos esta asociación promove actos de sinatura de actas de derradeiras vontades das persoas en varios concellos de Galicia e, así mesmo, levan a cabo actuacións a prol da recuperación da memoria en distintos concellos de Galicia, incidindo na necesidade de que a nosa lingua nos acompañe nos momentos da extinción das persoas.

- Actos da Irmandade Xurídica Galega (IXUGA)

A asociación convocará a XII Asemblea da Irmandade Xurídica Galega que estará dedicada ao xurista Xosé Fariña Jamardo, que traballou na historia das nosas institucións públicas reivindicando a personalidade dentro da autonomía de Galicia.

Así mesmo, para exemplificar o uso da lingua galega no ámbito xurídico, baixo o rubro *Lingua e Lei*, desenvolverán actos de conmemoración das primeiras sentenzas ditadas na nosa lingua polos respectivos órganos xurisdicionais en distintos partidos xudiciais.

- Acción Mil festas máis para a lingua galega

Para promover a galeguización das festas populares de Galicia. Como referente na vida social dos galegos, as festas son acontecementos de convivencia, sentidos e queridos nas vilas e aldeas galegas, un dos camiños para non perder a nosa identidade pola forza da música e para que o galego chegue á xente nova, e é aí onde a asociación quere incidir.

A Asociación encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle á Asociación de Funcionarios, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total **15.500,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará cunha achega de **15.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 11.40.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.
- A Asociación de Funcionarios contribuirá coa cantidade restante de **500,00 €**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior a Asociación de Funcionarios presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2019, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregárase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Asociación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura e Turismo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega, no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das

partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data do seu asinamento e ata o 30 de novembro de 2019, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos, e non será posible a súa prórroga.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de Política Lingüística e dous representantes da Asociación de Funcionarios, presidida por un dos representantes de Política Lingüística, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De ser resolto o convenio, a Consellería de Cultura e Turismo pode, se fose o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir como consecuencia da execución e interpretación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O presidente da Asociación de

Funcionarios para a Normalización
Lingüística de Galicia

Román Rodríguez González

Xoaquín Monteagudo Romero